


A continuación infórmase do acordo da reunión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o 14 de marzo de 2016 na Sala de Xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 12 de febreiro de 2016.
- * Aprobación do calendario académico para o curso 2016/2017.
- * Aprobación da programación docente anual (PDA) de máster para o curso 2016/17.
- * Aprobación do límite de prazas de grao e máster para o curso 2016/17.
- * Aprobación das declaración de interese de títulos de grao e máster, para o curso 2017/18.
- * Aprobación do acordo sobre a ampliación da duración do permiso de paternidade aplicable ao profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios.
- * Aprobación da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2016.
- * Aprobación da Convocatoria de prazas e axudas de aloxamento nas residencias de estudantes da Universidade de Vigo, para o curso 2016/17.
- * Estimación parcial do recurso de alzada presentado por D. José Bonome García, sobre a adxudicación dos premios extraordinarios de doutoramento 2014/15, do ámbito Artes e Humanidades: acórdase retrotraer o procedemento, co fin de que o tribunal encargado de elaborar a proposta de concesión dos premios mencionados emita xustificación dos criterios específicos e das cualificacións outorgadas ao recorrente.
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Universidade de Porto, a Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro e a Universidade de Vigo para o fomento da empregabilidade dos seus estudantes – Convenio de cooperación entre a Universidade de Vigo e a *Università degli Studi di Perugia* – Convenio específico para o programa de doutoramento en Tradución e Paratradución entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Politécnico do Porto* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Católica Portuguesa* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas (curriculares) en entidades colaboradoras, coa *Universidad Autónoma de Barcelona* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Salvador* (Arxentina) para o intercambio de estudantes.

Vigo, 14 de marzo de 2016

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600004603
15/03/2016 12:36:00

Detectado erro na publicación dos acordos do Consello de Goberno, correspondentes á súa reunión do 14 de marzo de 2016, e consonte ao establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, que dispón que “*as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes no seus actos*”,

ESTA SECRETARÍA XERAL RESOLVE emendar o erro na publicación, de xeito que,

Onde di:

- * *Aprobación da declaración de interese de títulos de grao e máster, para o curso 2017/18.*

Debe dicir:

- * Aprobación da declaración de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2017/18.

Vigo, 15 de marzo de 2016

A secretaria xeral

Gloria Mª Pena Uris